

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Contratos administrativos

ADHESIÓN Á PLATAFORMA ELECTRÓNICA "FACE-PUNTO XERAL DE ENTRADAS DE FACTURAS ELECTRÓNICAS"

Asto.: Adhesión á plataforma electrónica "FACE-Punto xeral de entrada de facturas electrónicas" e establecemento das unidades orgánicas (OC,OG e UT) que deben figurar no directorio do FACE do concello de Bueu e do Instituto municipal de Deportes (IMD)

O Pleno da corporación municipal do concello de Bueu, na sesión extraordinaria urgente celebrada con data 13.6.2014 adoptou, entre outros, o compromiso de aplicar a medida de adhesión automática ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado de acordo co previsto na lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público prevista no apartado terceiro, punto primeiro, do anexo que figura na orde PRE/966/2014 do 10 de xuño, do Ministerio da Presidencia pola que se publican as características principais das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, dándose conta na correspondente sesión ordinaria da comisión informativa permanente de economía e facenda celebrada con data 2.7.2014 e na sesión ordinaria do Pleno da corporación correspondente ao mes de xullo celebrada o 7.7.2014 en aplicación do artigo 126 do real decreto lexislativo 2568/86.

Con data 25.11.2014 formalizouse o convenio de adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado a da Secretaria de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas prevista na lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e da creación do rexistro contable de facturas no sector público e na orde ministerial HAP/1074/2014, de 24 de xuño e cumprimento do compromiso detaiado no paragrafo anterior.

De seguido estableceronse as unidades orgánicas (OC,OG e UT) que deben figurar no directorio do FACE do concello de Bueu e do Instituto municipal de Deportes (IMD) coa seguinte estrutura:

CONCELLO DE BUEU

- Código oficina contable (OC): LO1360046
- Código órgano xestor (OG): LO1360046

- Código unidade de tramitación (UT):LO1360046

IMD

- Código oficina contable (OC): LA0002037
- Código órgano xestor (OG): LA0002037
- Código unidade de tramitación (UT):LA0002037

O que se fai público para xeral coñecemento en cumprimento da Disposición adicional 6ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no Sector Público

Bueu, a 19 de decembro de 2014.—O Alcalde, Félix Juncal Novas